



# Concello de Vimianzo

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 31/01/2015

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día trinta e un de xaneiro de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde

D. Fernando Mancebo Amigo

D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey

D. José Trillo Lema

D. José Antonio Miñones Riveiro

D. Manuel Soto Pérez

D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez

D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé

D. Juan Carlos Amado Sambade

D. Juan Silva Jallas

D. José Manuel Rodríguez Blanco

D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

Secretaria: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García

Interventor acctal: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### 1. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 3 de xaneiro de 2015.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 3 de xaneiro de 2015 ao non formularse observacións.

### 2. Toma de posesión da concelleira do Partido Popular D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dulzura Quintáns Fidalgo.

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2014, tomou coñecemento da renuncia do concelleiro do grupo municipal do Partido Popular D. José Manuel Pérez Trillo, e designou como persoa á que lle corresponde cubrir a vacante á D. Germán Graíño Martínez, que ocupou o posto número oito (8) da candidatura do Partido Popular nas eleccións municipais celebradas en maio do ano 2011.

O 29 de outubro de 2014, con rexistro de entrada nº 8691, D. Germán Graíño Martínez presentou escrito de renuncia a tomar posesión como concelleiro diante da secretaria municipal, extendendo a fedataria pública dilixencia acreditativa ao efecto.

Seguindo instrucións da Xunta Electoral Central, o expediente foi remitido á propia Xunta o 30 de outubro de 2014, con rexistro de saída nº 6317, a efectos de que se tivese constancia da renuncia anticipada de D. Germán Graíño Martínez e se expedise credencial acreditativa da condición de electo a favor de D<sup>a</sup>. Manuela Rodríguez Diéguez, que ocupou o posto número nove (9) da candidatura do Partido Popular nas eleccións municipais celebradas en maio do ano 2011.

O 10 de novembro de 2014, con rexistro de entrada nº 9001, D<sup>a</sup>. Manuela Rodríguez Diéguez presentou escrito de renuncia a tomar posesión como concelleira diante da secretaria municipal. Na mesma data, con rexistro de entrada nº 9001, a Xunta Electoral Central remitiu a credencial da citada persoa.

O 11 de novembro de 2014, con rexistro de entrada nº 9039, D. Juan Carlos Amado Sambade solicita que no vindeiro pleno ordinario se tome constancia da renuncia de D. Germán Graíño Martínez e D<sup>a</sup>. Manuela Rodríguez Diéguez e se poñan en marcha os trámites para que a Xunta Electoral Central expida a credencial a favor da número dez (10) da candidatura do Partido Popular nas eleccións municipais celebradas en maio do ano 2011, D<sup>a</sup>. María Dulzura Quintáns Fidalgo.

Consta no expediente o anuncio do BOP nº 78, do 26 de abril de 2011, da Xunta Electoral de Zona de Corcubión de publicación das candidaturas ás eleccións locais do 2011.

En cumprimento do disposto na Instrución do 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral central, sobre substitución de cargos electivos locais (BOE núm. 171 do 18/07/2003), a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante é D<sup>a</sup>. María Dulzura Quintáns Fidalgo, que ocupa o posto número dez (10) da candidatura do Partido Popular. O Pleno tomou coñecemento na sesión ordinaria celebrada o 29 de novembro de 2014.

O 8 de xaneiro de 2015 (rexistro de entrada nº 125) a Xunta Electoral Central remitiu a credencial de D<sup>a</sup>. María Dulzura Quintáns Fidalgo. Na mesma advirte á secretaria da necesidade de entregarlle ao interesado *“únicamente en su toma de posesión, no con anterioridad a la misma”*.

O mesmo 8 de xaneiro de 2015 (rexistro de saída nº 189) a Secretaria municipal informa á Sra. Quintáns Fidalgo das obrigas impostas polo artigo 75.7 da LBRL e dalle traslado dos modelos de declaración aprobados polo Pleno o 25 de abril de 2011.


O 27 de xaneiro de 2015 D<sup>a</sup>. María Dulzura Quintáns Fidalgo formulou declaración de causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos e declaración de bens patrimoniais, diante da secretaria da Corporación.

Para a toma de posesión utilízase a fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/79, do 5 de abril. O Sr. Alcalde procede a lectura da mesma:

*“¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao rei e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?”*

D<sup>a</sup>. MARÍA DULZURA QUINTÁNS FIDALGO: *“sí, xuro.”*

O Sr. Alcalde faille entrega da credencial de concelleira e dalle a benvida á Corporación.



# Concello de Vimianzo

### 3. Aprobación do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015. Rectificación do acordo adoptado polo Pleno o 29 de novembro de 2014.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 23 de xaneiro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo o 27 de xaneiro de 2015, que se transcribe literalmente:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

**Asunto: aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015. Rectificación do acordo adoptado polo Pleno o 29 de novembro de 2014.**

Vistas as “Bases reguladoras do plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015” aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial de Coruña o 12 de setembro de 2014 (publicadas no BOP nº 177 do 17 de setembro de 2014), e a Circular remitida ao Concello de Vimianzo con RE nº 7413, de 19 de setembro de 2014 pola que se asigna ao Concello a cantidade de 382.154,44 euros para o POS do ano 2015.

Tendo en conta que, por erro, a cantidade adicada a obras segundo a proposta aprobada polo Pleno o 29 de novembro de 2014 non acada o 60% da asignación do POS 2015, propónse agora incrementar a porcentaxe adicada a obras, aumentando o importe do proxecto “Proxecto de reparación e mellora de firme, bordos, beiravías e cunetas da pista municipal entre Trasouteiro e Vimianzo alternativa á rúa de Tedín”, que pasa de 46.728,47 euros a 51.728,47 euros.

Vistos os proxectos de obra realizados polos arquitectos D. Vicente Rivas Negreira e D. Maximino M. Aguiar Baña:

Vista a documentación xustificativa da porcentaxe do plan que se destina polo Concello a gastos correntes durante o exercicio de 2015, segundo consta no informe emitido pola Intervención municipal o 21 de novembro de 2014, conforme ao modelo do anexo II.

Considerando o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Esta Alcaldía realiza a seguinte PROPOSTA ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo e Obras:

1.- “Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

#### A ) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Proxecto de reparación de pistas municipais nas parroquias de Carnés e Cereixo	42.911,14	0,00	42.911,14
Proxecto de reparación e mellora de firme, bordos, beiravías e cunetas da pista municipal entre Trasouteiro e Vimianzo alternativa á rúa de Tedín	51.728,47	0,00	51.728,47
Creación dun parque público con unha pista de padeiro no entorno do colexio público infantil de Vimianzo	49.790,00	0,00	49.790,00
Execución de ensanchamento e senda peonil nun treito da estrada entre Calo e Pasarela	85.000,00	0,00	85.000,00
<b>SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS</b>	<b>229.429,61</b>	<b>0,00</b>	<b>229.429,61</b>

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

**B ) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:**

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	152.724,83
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	0,00
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA</b>	<b>152.724,83</b>

**C ) Resumo:**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
<b>SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS</b>	229.429,61	0,00	229.429,61
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA</b>	152.724,83		152.724,83
<b>TOTAL</b>	<b>382.154,44</b>	<b>0,00</b>	<b>382.154,44</b>

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2015 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Presuposto
Execución de beirarrúas e ensanchamento dun treito da estrada entre Pasarela e Calo	31.700,00
<b>TOTAIS</b>	

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

O alcalde explica que houbo un pequeno erro nas porcentaxes adicadas a obra e gasto corrente, que agora se corrixe aumentando a cantidade adicada a obras para que como mínimo acade o 60%.



# Concello de Vimianzo

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1.- "Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

## A ) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Proxecto de reparación de pistas municipais nas parroquias de Carnés e Cereixo	42.911,14	0,00	42.911,14
Proxecto de reparación e mellora de firme, bordos, beiravías e cunetas da pista municipal entre Trasouteiro e Vimianzo alternativa á rúa de Tedín	51.728,47	0,00	51.728,47
Creación dun parque público con unha pista de padel no entorno do colexio público infantil de Vimianzo	49.790,00	0,00	49.790,00
Execución de ensanchamento e senda peonil nun treito da estrada entre Calo e Pasarela	85.000,00	0,00	85.000,00
<b>SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS</b>	<b>229.429,61</b>	<b>0,00</b>	<b>229.429,61</b>

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

## B ) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	152.724,83
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	0,00
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA</b>	<b>152.724,83</b>

## C ) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
<b>SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS</b>	<b>229.429,61</b>	<b>0,00</b>	<b>229.429,61</b>
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA</b>	<b>152.724,83</b>		<b>152.724,83</b>
<b>TOTAL</b>	<b>382.154,44</b>	<b>0,00</b>	<b>382.154,44</b>

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2015 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Presuposto
Execución de beirarrúas e ensanchamento dun treito da estrada entre Pasarela e Calo	31.700,00
<b>TOTAIS</b>	

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

#### **4. Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 24, reguladora da taxa da prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor e lavandería sobre rodas**

O alcalde explica que o concello, en base ao contrato de concesión dos servizos sociais asinado coa empresa concesionaria, ten o compromiso de actualizar anualmente as taxas do servizo. Neste caso á revisión é á baixa, dado que o IPC interanual a novembro de 2014 foi negativo.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de xaneiro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, na sesión celebrada o 27 de xaneiro de 2015, que se transcribe literalmente:

#### **“PROPOSTA PLENO**

#### **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 24, REGULADORA DA TAXA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, ESCOLA INFANTIL, CENTRO DE DÍA, COMEDOR SOBRE RODAS E LAVANDERÍA SOBRE RODAS**

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a necesidade de modificar a ordenanza fiscal nº 24 reguladora taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, **0 para actualizar as tarifas segundo a variación anual do IPC.**

Visto a variación do IPC a novembro de 2014, que foi de -0,4 %.



# Concello de Vimianzo

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 7 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, co seguinte texto proposto:

"7.3. A cota tributaria pola prestación do servizo de centro de día determínase de conformidade coa seguinte tarifa:

PREZO MES

Ingresos (Renda per cápita)	Cota por usuario a xornada completa	Cota por transporte 2 Viaxes (€)
Menores ou iguais á PNC	0,50 x SMI	39,14
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	0,70 x SMI	39,14
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	0,90 x SMI	39,14
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	1,00 x SMI	39,14
Maiores ao triplo do SMI	1,50 x SMI	39,14

(...Resto do artigo permanece igual...)

7.4. A cota tributaria pola prestación do servizo de lavandería e comedor sobre rodas determínase consonte coa seguinte tarifa:

PREZO SERVIZO

Ingresos (Renda per cápita)	Comedor (€)	Lavandería (€)
Menores ou iguais á PNC	1,19	0,36
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	2,36	0,59
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	3,58	0,73
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	4,73	0,95
Maiores ao triplo do SMI	5,94	1,19

A estos prezos hai que engadirlle un custo de 1,77 € por día para o transporte se éste fose necesario.

7.5. As tarifas numéricas sinaladas no caso dos servizos de comedor, lavandería sobre rodas, e para a parte da cota referida ao transporte no caso do centro de día, serán actualizadas anualmente conforme ás fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLRFL.

Esta revisión empezará a aplicarse para o exercicio 2007 tendo en conta o IPC de decembro 2005 a novembro de 2006.”

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da Ordenanza fiscal nº 24 no Boletín Oficial da Provincia.”

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo.

#### **5. Aprobación da liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2014 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor e lavandería sobre rodas**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de xaneiro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, na sesión celebrada o 27 de xaneiro de 2015, que se transcribe literalmente:

#### **“PROPOSTA PARA O PLENO**

#### **Liquidación definitiva correspondente ó exercicio 2014 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas**

Visto o escritos do Grupo Reactada (RE 483 de 20 de xaneiro de 2015) de liquidación definitiva do exercicio 2014, en relación co contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas.

Vistos os informes de Intervención e Servizo Económico-Administrativo, e informe conxunto de Servizos Sociais e Servizo Económico.

Esta liquidación ascende a un total de 371.141,77 euros dos que se atopan pendente a contía de 43.355,90 euros. A esta cantidade hai que descontar o canon a favor do concello por importe de 19.049,93 euros.

Dado que a variación do IPC de novembro de 2013 a novembro de 2014, de acordo co INE, foi un -0,4% polo que o canon a pagar pola empresa no exercicio 2015 será de 18.973,73 euros.





# Concello de Vimianzo

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos e cláusula sexta do contrato administrativo os prezos de servizo e praza, vixentes para o exercicio 2015, unha vez aplicada a variación do IPC, serán os seguintes:

1. Vivenda Comunitaria: 1.512,89 euros/mes.
2. Escola Infantil: 436,11 euros/mes.
3. Comedor sobre rodas: 9,21 euros/menú.
4. Lavandería sobre rodas: 3,85 euros/lavado.
5. Centro de día: 642,88 euros/mes

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos os pagos a conta para o exercicio 2015 de acordo co contrato, será o 90% da liquidación definitiva que importa un total de 334.027,59 euros.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a liquidación definitiva do exercicio 2014, que supón un custo total de 371.141,77 euros, quedando pendente de pagamento 43.355,90 euros.

Segundo.- Para este exercicio 2015 e de acordo co establecido no contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas e de forma específica para este exercicio os pagos a conta serán de 334.027,59 euros, repartidos co seguinte detalle:

- xaneiro: 27.317,74 euros
- meses de febreiro a novembro: 27.882,71 euros
- decembro: 27.882,75 euros

Terceiro.- Que se proceda ó pagamento da contía pendente, que ascende á vinte e catro trescentos cinco euros e noventa e sete céntimos (24.305,97 euros), unha vez deducido o canon, á empresa adxudicataria deste servizos Grupo Reacteda, S.L.

Cuarto: Que o canon que deberá aboar a empresa Grupo Reacteda, S.L. polo uso dos locais para a prestación dos ditos servizos, ascende á contía de 18.973,73 euros que será deducido da liquidación definitiva do exercicio 2015.

Quinto: Modificar a cláusula sexta do contrato administrativo de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas, no relativo os prezos de servizo e praza, que para o exercicio 2015 serán os seguintes:

- Vivenda Comunitaria: 1.512,89 euros/mes.
- Escola Infantil: 436,11 euros/mes.
- Comedor sobre rodas: 9,21 euros/menú.
- Lavandería sobre rodas: 3,85 euros/lavado.
- Centro de día: 642,88 euros/mes”

O alcalde explica un a un os custes que para o concello supoñen cada un dos servizos, aparte da aportación que fan os usuarios. Para a vivenda comunitaria, a aportación do usuario é do 30% do custe, para a escola infantil é do 18%, para o comedor sobre rodas é do 42%, para a lavandería é do 17% e para o centro de día é do 57%. En total, o concello achega un total de 371.141,77 euros.

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo.

## **6. Inicio dos trámites de modificación do contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor e lavandería sobre rodas.**

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 23 de xaneiro de 2015, ditaminaba favorablemente pola Comisión Informativa de Benestar social e promoción da igualdade na sesión celebrada o 27 de xaneiro de 2015, que se transcribe literalmente:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: INICIO DOS TRÁMITES DO MODIFICADO Nº 2 DO CONTRATO DE XESTIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, CENTRO DE DÍA, ESCOLA INFANTIL E COMEDOR E LAVANDERÍA SOBRE RODAS.**

Visto o contrato asinado o 25 de febreiro de 2004 coa empresa Grupo Reacteda, S.L., para a xestión dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil, comedor e lavandería sobre rodas. Os pregos que rexen a xestión dos servizos foron aprobados inicialmente polo Pleno o 27 de novembro de 2004.

Visto que o 29 de setembro de 2007, o Pleno do Concello ratificou o acordo adoptado na sesión do 28 de xullo de 2007, de proposta de cesión gratuíta a SOGASERSO dos terreos para a construción dunha residencia de maiores e situación de dependencia. Prevíase a construción dun centro día, cunha capacidade de 50-60 prazas, e un centro de estadia permanente cunha capacidade de 150 residentes; ambos debáin estar en funcionamento no prazo de tres anos dende a sinatura do documento de cesión.

Visto que o 25 de novembro de 2014, o Sr. Alcalde do Concello de Vimianzo e a conselleira delegada de Geriatros, empresa que xestiona a residencia xerontolóxica de Vimianzo, asinan un convenio de colaboración para a posta a disposición do Concello de dez (10) prazas de atención diruna na Residencia, correspondendo ao concello a designación dos usuarios das prazas (cláusula 1ª).

Visto o informe emitido pola xefa da Área de Benestar Social en data 15 de xaneiro de 2015, a petición da Alcaldía, cun resumo da relación de usuarios do centro de día municipal no período 2006-2015, que na actualidade conta con un único usuario.

Visto o informe emitido polo interventor acctal. o 19 de xaneiro de 2015, sobre os custos abonados no período 2005-2013 polo concello en concepto de subvención a explotación para o funcionamento do centro de día municipal.

Visto o informe conxunto emitido o 21 de xaneiro de 2014 pola Secretaría e Intervención municipais, respecto do inicio dos trámites para a modificación contractual consistente na supresión do servizo de centro de día.

Tendo en conta a normativa aplicable: Lei 7/85, reguladora das Bases de Réximen Local; Real Decreto lexislativo 2/2000, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas (TRLCAP); Real Decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas; Pregos de cláusulas administrativas



# Concello de Vimianzo

particulares que rexen o contrato de xestión dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil, comedor e lavandería sobre rodas (aprobados polo Pleno en sesión do 27/11/2004).

Tendo en conta o anteriormente exposto, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Benestar social e Promoción da igualdade, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Iniciar os trámites para a modificación contractual (modificación núm. 2) do contrato de xestión dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil, comedor e lavandería sobre rodas, consistente na supresión do centro de día.

Segundo.- Que se proceda á redacción da proposta de modificación, con indicación do contido da mesma, e cumprimento dos demais trámites previstos no artigo 102 do RD 1098/2001.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao contratista, con indicación de que se trata dun acto de mero trámite."

O alcalde explica que esto ten que ver coa apertura do centro de día no xeriátrico e o convenio de colaboración que ven de asinarse

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo.

## **7. Recurso de reposición contra o acordo plenario adoptado na sesión celebrada o 27 de xuño de 2014, de inicio do expediente de investigación de oficio pola ocupación de camiño público en Reboredo, parroquia de Salto.**

O alcalde explica que se iniciou un expediente de investigación e unha das partes presentou un recurso de reposición.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de xaneiro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais celebrada o 27 de xaneiro de 2015, que se transcribe literalmente:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: recurso de reposición contra o acordo plenario adoptado o 27 de xuño de 2014, de inicio de expediente de investigación de oficio pola ocupación de camiño público en Reboredo, parroquia de Salto**

Visto o recurso de reposición presentado o 3 de setembro de 2014, con RE 6984, por D<sup>a</sup>. María Isabel Lavandeira Regueira contra o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 27 de xuño de 2014, polo que inicia o expediente de investigación de oficio. Solicita *“que se tenga por interpuesto este recurso de reposición contra el mencionado acto y se declare la nulidad o anulabilidad del mismo.”*

Solicitado informe á Secretaría municipal, consta emitido o 16 de xaneiro de 2015 (cun total de 4 páxinas), que conclúe a necesidade de inadmitir o recurso.

Tendo en conta o anteriormente exposto, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Inadmitir o recurso de reposición presentado o 3 de setembro de 2014, con RE 6984, por D<sup>a</sup>. María Isabel Lavandeira Regueira contra o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 27 de xuño de 2014, polo que inicia o expediente de investigación de oficio pola ocupación de camiño público en Reboredo, parroquia de Salto, polos motivos expostos no informe da Secretaría municipal de data 16 de xaneiro de 2015, que serve de motivación ao presente acordo, de conformidade co disposto no artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRX-PAC). De conformidade co disposto no artigo 117.3 da LRX-PAC, contra a resolución dun recurso de reposición non se poderá interpor de novo tal recurso, só cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo.

Segundo.- Continuar coa tramitación do expediente de investigación de oficio, procedendo de acordo co previsto nos art. 49 ata 55, ambos inclusive do Regulamento de bens das Entidades Locais.

Terceiro.- Notificar este acordo ós afectados no mesmo que se atopan identificados no expediente.”

A modo de motivación do acordo, de conformidade co disposto no artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRX-PAC), transcríbense ás consideracións xurídicas do informe emitido pola Secretaría da Corporación o 16 de xaneiro de 2014:

#### **“(…) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.-**

*Como cuestión previa, debe indicarse que a inxente carga de traballo desta secretaria foi a causa da demora na emisión do presente informe.*

#### **Primeira.- Recurso de reposición: requisitos formais.**

O recurso de reposición ten carácter potestativo e cabe fronte aos actos que poñan fin á vía administrativa e interponse ante o mesmo órgano que ditou o acto. O prazo para interpoñelo é dun mes dende que o acto recurrido se notifica.

Segundo o artigo 107 da LRX-PAC, o recurrente debe fundar o recurso en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.

O artigo 110.1 do mesmo texto legal numera os extremos que debe conter o recurso de reposición, entre eles “o acto que se recorre e a razón da súa impugnación”.

Pois ben, analizado o escrito do recurso presentado por D<sup>a</sup>. María Isabel Lavandeira Regueira o 3 de setembro de 2014 (RE 6984) resulta que está presentado dentro do prazo legalmente establecido (1 mes dende a notificación do acordo, que consta recibido o 4 de agosto de 2014), contén tódolos extremos contemplados no art. 110.1 da Lei 30/1992 pero non fundamenta a razón da impugnación en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade previstas no artigo 62.1 da Lei 30/1992 ou normativa de aplicación. Únicamente afirma que o camiño é privado, sen aportar documentación que sustente os seus argumentos.

**Polo tanto, unha vez verificado que non se cumpren os requisitos de forma, procedería declarar a inadmisión do recurso sen entrar en outras consideracións.**

Debe indicarse, ademais, que o acordo de inicio dun expediente de investigación é un acto de trámite, que non ten a condición de acto de trámite cualificado, tal como determina o art. 197.1 da Lei 30/1992: “se estes



# Concello de Vimianzo

*Últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos".*

En consecuencia, o pé de recurso de figura na notificación foi concedido erróneamente. Polo tanto, debe inadmitirse o escrito como recurso de reposición, pero si pode entenderse que se trata dunha mera alegación ao acordo de inicio, debendo continuar o expediente de investigación, cos trámites descritos no informe xurídico emitido por esta funcionaria o 20 de xuño de 2014.

O anuncio de información pública foi publicado no taboleiro de anuncios do concello e no BOP nº 133, do 30 de xullo de 2014, tal como consta na dilixencia de exposición. Os interesados que aparecen identificados no expediente foron notificados. Procede, polo tanto, abrir un período de proba por prazo de trinta días no que serán admisibles os seguintes elementos:

- Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados conforme a dereito.
- O recoñecemento e ditame pericial.
- A declaración de testigos.

Efectuadas as probas pertinentes e valoradas polos servizos da Corporación, poñerase de manifesto o expediente por prazo de dez días ás persoas a quen afecte a investigación e comparecen nel, para que dentro de dito prazo aleguen o que crean convinte ó seu dereito.

A resolución do expediente de investigación corresponde ó Pleno da Corporación, previo informe do/a Secretario/a, tal e como dispón o artigo 53 do RBEL. Trátase pois dun informe preceptivo pero non vinculante.

Se a resolución é favorable, procederase á tasación do ben ou dereito, á súa inclusión no inventario, e adopción de medidas tendentes á efectividade dos dereitos da Corporación. Se hai usurpación ou oposición, estas medidas non son outras que a recuperación de oficio, a acción de deslinde no seu caso e o exercizo das accións civís ante os Tribunais se o ben está inscrito no Rexistro da Propiedade a nome doutra persoa, ou proceder á súa inmatriculación se non o estivera.

Debe terse en conta que o acordo ten carácter declarativo, e ao poñer fin ao expediente pode dar lugar a unha dobre impugnación: contenciosa en canto ao procedemento e civil en canto á titularidade.

Non obstante, a Corporación acordará o que estime procedente."

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Miñones-Riveiro anuncia que vai votar a favor de seguir os trámites de investigación, á vista do informado pola secretaria.

O voceiro de IxV di que o seu grupo vai apoiar ese informe que conclúe a inadmisión do recurso. Pide celeridade na tramitación do expediente, que data xa do ano 2012, cando eles denunciaron a ocupación.

O voceiro do PP di que están a favor de desestimar.

O alcalde aclara que o acordo é inadmitir, segundo di a secretaria no seu informe.

O Sr. Rodríguez Blanco preguntalle ao alcalde se ten que erguer a man para intervir ou non, pois o alcalde dalle a palabra cando lle da a gaña.

O alcalde pídelles que fale do expediente se quere, se non pasará directamente a someter o punto a votación.

O concelleiro non adscrito di que van votar a favor da inadmisión, e pide que se resolva porque este expediente xa leva bastante tempo.

O alcalde di que lle gustaría que estes expedientes foran moito máis rápido, pero o procedemento é garantista para as partes afectadas e hai que responder aos escritos que se presentan. Aclara que a proposta de acordo non é da secretaria, senón do alcalde, e agarda que no seguinte punto se faga o mesmo e se sexa coherente.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto, a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Inadmitir o recurso de reposición presentado o 3 de setembro de 2014, con RE 6984, por D<sup>a</sup>. María Isabel Lavandeira Regueira contra o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 27 de xuño de 2014, polo que inicia o expediente de investigación de oficio pola ocupación de camiño público en Reboredo, parroquia de Salto, polos motivos expostos no informe da Secretaría municipal de data 16 de xaneiro de 2015, que serve de motivación ao presente acordo, de conformidade co disposto no artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRX-PAC). De conformidade co disposto no artigo 117.3 da LRX-PAC, contra a resolución dun recurso de reposición non se poderá interpor de novo tal recurso, só cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo.

Segundo.- Continuar coa tramitación do expediente de investigación de oficio, procedendo de acordo co previsto nos art. 49 ata 55, ambos inclusive do Regulamento de bens das Entidades Locais.

Terceiro.- Notificar este acordo aos afectados no mesmo que se atopan identificados no expediente.

#### **8. Recurso de reposición contra o acordo plenario adoptado na sesión celebrada o 30 de agosto de 2014, rexeitando o inicio do expediente de investigación do espazo sito a carón da finca núm. 726 da zona**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de xaneiro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais celebrada o 27 de xaneiro de 2015, que se transcribe literalmente:

##### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: recurso de reposición contra o acordo plenario adoptado o 30 de agosto de 2014, rexeitando a proposta de inicio do expediente de investigación de oficio de espazo sito a carón da finca núm. 726 da zona de concentración parcelaria de San Antolín de Bañas, en Padreiro de Abaixo, parroquia de Bañas**

Visto o recurso de reposición presentado o 4 de novembro de 2014, con RE 8857, por D<sup>a</sup>. María Magdalena Trillo Cernadas contra o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 30 de agosto de 2014, polo que se rexeita a proposta da Alcaldía de data 21 de agosto de 2014, de inicio do expediente de investigación de oficio. Solicita *“que se tenga por presentado este escrito en tiempo y forma, y por presentado RECURSO DE REPOSICIÓN contra la resolución notificada, y previos los trámites legales previstos, tal resolución sea anulada, y se dicte una nueva en la que se desestime la denuncia presentada por Don Antonio López Pérez y se reconozca la naturaleza privada del terreno objeto del procedimiento, señalando además que pertenece a la que suscribe.”*

Cumprido o trámite previsto no artigo 112.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, dóuselle traslado do escrito de recurso á outra parte interesada, D. Antonio López Pazos, sen que conste a presentación de alegacións.

Solicitado informe á Secretaría municipal, consta emitido o 20 de xaneiro de 2015 (cun total de 6 páxinas), en sentido favorable á estimación parcial do recurso.

Tendo en conta o anteriormente exposto, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, a adopción do seguinte **ACORDO**:



# Concello de Vimianzo

Primeiro. - Estimar en parte o recurso de reposición presentado o 4 de novembro de 2014, con RE 8857, por D<sup>a</sup>. María Magdalena Trillo Cernadas contra o acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 30 de agosto de 2014, polo que se rexeita a proposta da Alcaldía de data 21 de agosto de 2014, de inicio do expediente de investigación de oficio sobre o carácter público do espazo sito a carón da finca núm. 726 da zona de concentración parcelaria de San Antolín de Baíñas, en Padreiro de Abaixo, parroquia de Baíñas; e en consecuencia, anular o citado acordo, polos motivos expostos no informe da Secretaría municipal de data 20 de xaneiro de 2014, que serve de motivación ao presente acordo, de conformidade co disposto no artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRX-PAC).

De conformidade co disposto no artigo 117.3 da LRX-PAC, contra a resolución dun recurso de reposición non se poderá interpor de novo tal recurso, só cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo.

Segundo. - Iniciar o expediente de investigación de oficio sobre o carácter público do espazo sito a carón da finca núm. 726 da zona de concentración parcelaria de San Antolín de Baíñas, en Padreiro de Abaixo, parroquia de Baíñas; procedendo de acordo co previsto nos art. 49 ata 55, ambos inclusive do Regulamento de bens das Entidades Locais.

Terceiro. - Que se expoña ó público polo prazo dun mes, mediante inserción de anuncio no BOP, para que polos interesados se presenten as alegacións ou reclamacións que se estimen pertinentes. Dar conta á administración Central e Autonómica.

Cuarto. - Notificar este acordo ós afectados no mesmo que se atopan identificados no expediente, con indicación de que o acordo de inicio é un acto de mero trámite."

Transcríbense as consideracións xurídicas do informe emitido pola Secretaria da Corporación o 20 de xaneiro de 2015:

## "(...) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.-

*Como cuestión previa, debe indicarse que a inxente carga de traballo desta Secretaría foi a causa da demora na emisión do presente informe.*

### **Primeira.- Recurso de reposición: requisitos formais.**

O recurso de reposición ten carácter potestativo e cabe fronte aos actos que poñan fin á vía administrativa e interponse ante o mesmo órgano que ditou o acto. O prazo para interpoñelo é dun mes dende que o acto recurrido se notifica.

Segundo o artigo 107 da LRX-PAC, o recurrente debe fundar o recurso en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.

O artigo 110.1 do mesmo texto legal numera os extremos que debe conter o recurso de reposición, entre eles "o acto que se recorre e a razón da súa impugnación".

Pois ben, analizado o escrito do recurso presentado por D<sup>a</sup>. María Magdalena Trillo Cernadas o 31/10/2014 na Subdelegación do Goberno na Coruña, recibido neste concello o 04/11/2014 con RE 8857, resulta que está presentado dentro do prazo legalmente establecido (1 mes dende a notificación do acordo, que consta recibido o 01/10/2014), contén tódolos extremos contemplados no art. 110.1 da Lei 30/1992 e fundamenta a razón da impugnación na vulneración dunha serie de preceptos da Lei 30/1992, que sucintamente analizaremos máis adiante.

Debe indicarse, ademais, que o acordo de inicio dun expediente de investigación é un acto de trámite, que non ten a condición de acto de trámite cualificado, tal como determina o art. 107.1 da Lei 30/1992: "se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos".

Non obstante, neste caso o acordo plenario que rexeita a proposta de inicio de expediente de investigación, polo tanto considero que o acto determina a imposibilidade de continuar o procedemento, que ata o momento consistía nunhas dilixencias previas ao inicio da acción investigadora, fase de estudo prevista no artigo 48 do Regulamento de Bens. Sería, en consecuencia, un acto de trámite susceptible de recurso.

### **Segunda.- Obxecto do expediente de investigación.**

Tal como informou esta secretaria o 12 de agosto de 2014, o procedemento para dilucidar o carácter público ou privado do espazo obxecto de controversia está previsto nos artigos 45 e seguintes do Regulamento de Bens.

O artigo 45 dispón o seguinte: *"Las Corporaciones Locales tienen la facultad de investigar la situación de los bienes y derechos que se presuman de su propiedad, siempre que ésta no conste, a fin de determinar la titularidad de los mismos."*

Tal é o que acontece neste caso, pois a este concello non lle consta a titularidade pública do espazo en controversia: non figura no inventario municipal aprobado no ano 1991, nin como parte do camiño público nin como espazo público. A falta de constancia documental do carácter público deste espazo impide realizar un pronunciamento ao respecto tan categórico como o contido no informe emitido polo arquitecto municipal o 19 de setembro de 2011, que foi "asumido" pola Alcaldía na Resolución ditada o 7 de outubro de 2011, con base nos planos de concentración parcelaria.

Obviamente, non é o arquitecto municipal órgano competente para dictar actos administrativos, senón un funcionario municipal con funcións de asesoramento urbanístico a través da emisión dos informes que se lle soliciten; nin o propio alcalde – que sí é órgano – é competente para dictar actos administrativos declarativos ao respecto do carácter público ou privado dun ben. Se existe constancia de que a titularidade é pública (por estar inscrito no Inventario ou no Rexistro da Propiedade, ou constar nas dependencias municipais título de adquisición válido en dereito) será a Secretaría quen certifique dita titularidade pública, con fundamento nos documentos nos que se basee; pero se non existe esa constancia, pero existan indicios de que o espazo pudiera ser de uso público, deberá tramitarse o procedemento previsto legalmente, que concluirá – ou non – coa declaración pertinente e a inscrición do ben no Inventario. Dito expediente non é necesario cando a Administración non teña dúbida da natureza xurídico-pública do ben.

No caso que nos ocupa, o espazo controvertido ubícase no lugar de Padreiro de Abaixo, na zona de concentración parcelaria de Santo Antoíño de Baíñas. Solicitada información ao respecto do dito espazo ao Servizo de Infraestruturas Agrarias, consta escrito recibido o 5 de xuño de 2012, con RE 3937: *"Cabe mencionar que na folla que características da finca de substitución mencionada, propiedade de María Cernadas Hidalgo, obsérvanse os seguintes lindantes: norte con terreos excluídos e camiño, sur con camiño, este con camiño e oeste con camiño e finca núm. 727."* Á vista do plano parcial de bases definitivas e do xeral autenticado que remiten co escrito, a parcela 726 limita polo norte con terreos excluídos e con camiño, polo tanto o espazo controvertido só pode corresponderse co camiño (tendo natureza pública) ou con terreos excluídos (tendo natureza privada, agás que se trate dunha parcela adxudicada ao concello). Os terreos excluídos do proceso de concentración parcelaria conservan a natureza que tiñan con carácter previo ao proceso de concentración. Polo tanto, que un espazo fora excluído do proceso de concentración non é sinónimo de que sexa privado, nin público; simplemente, non lle afectou o proceso de concentración.

No Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Vimianzo figuran varias fincas rústicas (concentradas e sen concentrar) na parroquia de Santo Antoíño de Baíñas, pero ningunha delas, nin por superficie nin por forma, se corresponde co espazo colindante coa finca núm. 726. Polo tanto, de ter natureza pública estaríamos diante dun espazo que forma parte do camiño.

A incoación e resolución do expediente de investigación (previos os trámites previstos legalmente) corresponde ó Pleno da Corporación, previo informe do/a Secretario/a, tal e como dispón o artigo 53 do RBEL. Trátase pois dun informe preceptivo pero non vinculante.

Se a resolución é favorable, procederase á tasación do ben ou dereito, á súa inclusión no inventario, e adopción de medidas tendentes á efectividade dos dereitos da Corporación. Se hai usurpación ou oposición,





# Concello de Vimianzo

estas medidas non son outras que a recuperación de oficio, a acción de deslinde no seu caso e o exercizo das accións civís ante os Tribunais se o ben está inscrito no Rexistro da Propiedade a nome doutra persoa, ou proceder á súa inmatriculación se non o estivera.

Debe terse en conta que o acordo ten carácter declarativo, e ao poñer fin ao expediente pode dar lugar a unha dobre impugnación: contenciosa en canto ao procedemento, e civil en canto á titularidade.

## *Terceira.- Análise dos fundamentos do recurso de reposición.*

As pretensións da recurrente son as seguintes: "que se tenga por presentado este escrito en tiempo y forma, y por presentado RECURSO DE REPOSICIÓN contra la resolución notificada, y previos los trámites legales previstos, tal resolución sea anulada, y se dicte una nueva en la que se desestime la denuncia presentada por Don Antonio López Pérez y se reconozca la naturaleza privada del terreno objeto del procedimiento, señalando además que pertenece a la que suscribe."

En síntese, os motivos nos que a recurrente funda as súas pretensións son os seguintes:

1º. O obxecto do procedemento é determinar se a natureza do terreo ocupado é pública ou privada.

A este respecto, debe aclararse que o obxecto do acordo proposto ao Pleno era o inicio dun expediente de investigación, no cal non se dirimen as cuestións de natureza civil (de propiedade e titularidade), cuestións que lle corresponden á xurisdicción civil e non ás administracións públicas. Nun expediente de investigación de oficio non se trata de decidir sobre a propiedade do terreo senón sobre o uso (público ou privado) do mesmo.

2º. O Pleno non tivo en conta as probas aportadas pola recurrente para dictar resolución, contrariamente ao sinalado no artigo 80.3 da Lei 30/1992.

O acordo plenario non resolve ningún expediente, senón que rexeita o inicio dun expediente de investigación. Polo tanto non resulta de aplicación o disposto na Lei 30/1992 sobre a instrución do procedemento administrativo, argumentos que son de aplicación ás alegacións 3ª e 4ª.

3º. O informe técnico emitido polo Sr. Beiras García-Sabell foi solicitado pola recurrente, ao abeiro do disposto no artigo 82 da Lei 30/1992.

4º. Infracción do artigo 89 da Lei 30/1992, que obriga á administración a resolver.

5º. Infracción do artigo 103.1 da Constitución, dada a falta de motivación do acordo plenario.

O artigo 54 da Lei 30/1992 numera os actos administrativos que deben ser motivados, en concreto:

a) Os actos que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.

A motivación dos actos administrativos consiste na expresión, aínda que sexa de xeito breve, dos fundamentos deles. Só a través da expresión dos motivos poden os interesados coñecer as razóns que justifican o acto para, deste xeito, impugnalos en vía administrativa ou diante da xurisdicción contencioso-administrativa se non están dacordo coa decisión adoptada.

Os actos favorables para os interesados non precisan ser motivados, pero os desfavorables sí. Neste caso, Dª. María Magdalena Trillo Cernadas, promotora do presente recurso, considera que o acto administrativo non acolle as súas pretensións (consistentes en defender o carácter privado do espazo controvertido).

Debe acollerse este motivo de impugnación, posto que o acordo plenario rexeita iniciar un expediente de investigación, a pesares de que concurren os requisitos que posibilitan á administración local o exercizo da facultade investigadora, que son: en primeiro lugar, que non conste a titularidade do ben e, en segundo lugar, que se presuma que o ben é público. Esa presunción do carácter público do citado espazo podería sustentarse en que a finca 726 linda polo norte con camiño e terreos excluídos, segundo informa o Servizo de Infraestruturas Agrarias no escrito recibido o 5 de xuño de 2012, con RE 3937.

A concorrencia de tales requisitos xa foi constatada por esta secretaria no informe emitido o 12 de agosto de 2014, criterio do que se separou o acordo plenario.

A decisión, adoptada polo Pleno da Corporación, de non iniciar o expediente de investigación, impide que se poda concluír o carácter público dese espazo, previa tramitación do procedemento previsto nos artigos 45 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Á vista das intervencións na sesión plenaria dos concelleiros que votaron en contra, o motivo para rexeitar o inicio do expediente de investigación é o criterio do arquitecto municipal, reflectido no informe emitido o 19 de setembro de 2011, que di o seguinte: *"La zona resaltada en el plazo que aporta es su solicitud es pública sin lugar a dudas según se desprende de los planos de Concentración Parcelaria."* O citado informe ten grapado un plano tamaño DIN A3, cunha zona coloreada. D. Antonio López Pérez coa súa solicitude achega copia do DNI e unha ortofoto e parcelario superposto, cunha zona coloreada. Semella, pois, que a zona resaltada é a mesma en ambos planos. A resolución da Alcaldía que "asume" o informe en cuestión unicamente se lle notifica ao solicitante (consta a recepción o 17 de outubro de 2011), pero non aos propietarios da finca colindante (a 726), que tamén teñen a condición de interesados no expediente.

Posteriormente, a raíz do informe do arquitecto municipal, D. Antonio López Pérez presenta denuncia o 18 de outubro de 2011 con RE 7884 contra os propietarios da finca 726 da zona de concentración parcelaria de San Antolín de Baiñas, por ocupación de *"finca de titularidade pública"*. Da dita denuncia dásele traslado aos propietarios da finca 726, para que formulen alegacións, e á vista da oposición dos mesmos, solicitouse información ao Servizo de Infraestruturas Agrarias e os interesados aportaron diversa documentación, á vista da cal se emitiu informe técnico polo arquitecto D. Daniel Beiras García-Sabell o 5 de setembro de 2013, no que sinala, entre outros argumentos, que no ordenamento urbanístico vixente non consta como público nos planos e aliñamentos das NN.SS. do Concello de Vimianzo, e no inventario municipal aparece grafado o ancho dos camiños que bordean o dito espazo e non consta que forme parte dos mesmos.

Non coincido na conclusión co informe do Sr. Beiras García-Sabell, pois entendo que a falla de constancia da titularidade dese espazo debe conducir á apertura dun expediente de investigación, non ao recoñecemento do carácter privado dese espazo. Sen embargo, sí debo dicir que o técnico motiva a súa conclusión na documentación obrante no expediente, o cal permite discrepar da interpretación que fai da mesma. De todas formas, a proposta da Alcaldía de iniciar expediente de investigación non segue o criterio do técnico, que entende que non queda acreditado o carácter público dese espazo, pero sí o uso privado.

Pola contra, o informe emitido polo arquitecto municipal baséase única e exclusivamente nos planos de concentración parcelaria, descoñecendo – por ser emitido antes da información remitida polo Servizo de Infraestruturas Agrarias – que a finca núm. 726 linda ao norte con terreos excluídos e camiño, tal como indica o citado informe. Con toda seguridade, o sentido e extensión do informe sería distinto de ser emitido nunha fase posterior da tramitación do expediente, con máis elementos de xuízo sobre os cales formar o seu criterio.

A decisión, adoptada polo Pleno da Corporación, de non iniciar o expediente de investigación, obviamente beneficia ao particular que actualmente está facendo un uso privativo dese espazo, e que neste caso recorre o acordo en cuestión, no entendemento de que se trata dun acordo que perxudica aos seus intereses, cando precisamente o efecto é o contrario, resultando beneficiado pola inactividade da Administración.

Non obstante, non poden acollerse íntegramente as pretensións do recurrente, pois a Administración non ten competencia para declarar a propiedade privada do espazo controvertido, cuestión que lle compete aos tribunais civís, aos que debe dirixirse a Sra. Trillo Cernadas para ver recoñecidas as súas pretensións de dominio.

Por outra banda, tampouco pode desestimarse a denuncia por ocupación de dominio público de D. Antonio López Pérez, pois con carácter previo debe resolverse sobre o carácter público do espazo controvertido, previa tramitación dun expediente de investigación de oficio.

Polo tanto, á vista do recurso presentado, dos documentos que constan no expediente, e dos fundamentos de dereito expostos ao longo do presente informe, emito informe favorable á estimación do recurso de reposición, por falta de motivación do acordo plenario, vulnerando o disposto no artigo 54.1.a) da Lei 30/1992 e no artigo 45 do RBEL, incurrindo nun vicio de anulabilidade ao abeiro do artigo 63.1 da LRX-PAC.

Non obstante, a Corporación acordará o que estime procedente."



# Concello de Vimianzo

O alcalde explica que trouxo unha proposta ao Pleno de agosto, para iniciar un expediente de investigación, e non se aprobou.

O Sr. Miñones Riveiro sinala que se vai abster, como fixo nos plenos anteriores, aínda que valora o informe da secretaria, que considera moi traballado.

O Sr. Soto Pérez di que nese expediente existe un informe que di que o camiño é municipal, polo tanto é do concello e non teñen nada que investigar. Recoñece que hai outros informes no expediente, pero deben estar ao que diga o arquitecto municipal, que é funcionario. Sinala que dende o punto de vista xurídico está dacordo co informe da secretaria, pero á vista do informe do Servizo de Concentración Parcelaria, o camiño foi excluído do proceso de concentración. Considera que debe pedirse información ao Catastro, e incluso á Deputación. Pide, polo tanto, que o asunto quede sobre a mesa e se incorporen outros informes.

O Sr. Amado Sambade está dacordo na petición de que quede sobre a mesa.

O SR. Rodríguez Blanco lembra que o arquitecto municipal di que o camiño público.

O alcalde explica que a oposición acusa ao goberno de facer precisamente o que agora mesmo están facendo eles: terxiversar un expediente. Aclara que o presuposto para traer un expediente de investigación a pleno para o seu inicio é que haxa indicios de que é público pero non haxa constancia documental. Afirma que no punto anterior a oposición ten un capricho e neste caso ten amizade cunha das partes. Puntualiza que nin un funcionario nin o propio alcalde teñen competencia para outorgar a titularidade dun ben. É a Corporación a quen ten esa facultade, porque así o dispoñen as leis. Nega que se propoña o inicio do expediente de investigación para declarar que o espazo é privado.

O voceiro de IxV pide que se vote que quede sobre a mesa.

O alcalde preguntalle porque non fixo esa petición no punto anterior. Afirma que neste pídese ese informe para dilatar o inicio do expediente. No punto anterior a oposición dixo que votaba a favor do informe da secretaria, e neste van votar en contra. Considera que si se pide informe á Deputación, a institución provincial vaise rir do concello de Vimianzo. Parécelle ben que, en fase de proba, xa iniciado o expediente, se pidan os informes que fagan falla. Pregúntalle ao Sr. Soto Pérez que pasaría se un particular consigna unha cantidade e pide que se inicie o expediente, facendo uso da facultade que lle outorga o Regulamento de Bens. Pregúntalle á secretaria se debe someter a votación a petición de que quede sobre a mesa.

A secretaria di que sí.

En cumprimento do disposto no artigo 92.1 do ROF, o alcalde somete a votación a petición de que o asunto quede sobre a mesa. O Pleno, por oito votos a favor de IxV, PP e concelleiros non adscritos, catro votos en contra do BNG e unha abstención do PSOE, o que supón a maioría simple dos membros presentes, acorda que o asunto quede sobre a mesa.

## 9. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta dos seguintes anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia, respecto de asuntos de competencia plenaria:

- Anuncio de convocatoria para a elección de xuíz de paz substituto do municipio de Vimianzo, publicado no BOP nº 10 do 16 de xaneiro de 2015;

- Anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora da limpeza viaria, ornato público e protección do patrimonio municipal do Concello de Vimianzo, publicado no BOP nº 17 do 27 de xaneiro de 2015.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

## 10. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Preidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 3 de xaneiro de 2015, isto é, dende a resolución núm. 1 do 02/01/2015 ata a resolución núm. 145, do 27/01/2015.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

### **11. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.**

De orde do Sr. Alcalde, o interventor accidental da conta do informe de morosidade, período medio de pago e execución trimestral.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

### **12. Mocións.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún dos grupos ten mocións.

O voceiro de IxV presenta unha moción para instar ao alcalde a iniciar os trámites para modificar a ordenanza fiscal do IBI, para que haxa tempo suficiente para tramitala e que entre en vigor no 2016.

O alcalde considera que se trata dun asunto que non é urxente, pois en maio hai eleccións e debe ser a nova corporación quen o faga, non un goberno en funcións. Dille ao Sr. Soto que se quere pida un pleno extraordinario, se non tomarallo como un rogo.

O Sr. Soto Pérez di que leva dende o 2012 con este tema e o alcalde non fai máis que poñer atrancos. Di que non pasa nada, que os veciños ben saben onde está cada un neste asunto.

O alcalde sinala que este pleno xa adoptou un acordo para baixar o tipo impositivo, pero actualmente esa competencia está secuestrada polo goberno central, como ben sabe.

### **13. Rogos e preguntas.**

#### **13.1. PSdeG-PSOE**

O Sr. Miñones Riveiro pide ao alcalde que intermedie con SEA para que adecenten o parque empresarial, e pregunta por un convenio con Zas para contratar unha brigada de limpeza.

O alcalde sinala que nun ano haberá xa varias empresas instaladas no parque empresarial, e afirma que o concello xa lle lava a cara tódolos anos, aínda que soamente son os propietarios das vías e espazos públicos, non das parcelas. Pero está dacordo co concelleiro socialista. Aínda que o parque empresarial non ten o apoio que teñen outros, estase demostrando que é un proxecto viable, que gusta aos empresarios.

Respecto á segunda pregunta, aclara que na liña de concorrencia competitiva, o concello sempre presentou solicitude pero nunca lle concederon nada. Como se valora a asociación de concellos, asinou un convenio con Zas para facer unha limpeza polas beiras do río Grande. Espera que este ano se conceda.



# Concello de Vimianzo

## 13.2. IxV

O Sr. Soto Pérez afirma que leva reclamando moitísimo tempo o patio cuberto do CEIP. Pídelle por favor ao alcalde que se inclúa no vindeiro POS. Formúlao como rogo.

Como segundo rogo, pide ao alcalde que revise de maneira urxente o tema das luminarias LED, pois a xente maior ten medo e non se ve nada. Noutros concellos non sucedeu o mesmo, quizais en Vimianzo non se contratou á empresa axeitada.

Como terceiro rogo, pide que se arranxe ben o local sito no CEIP que funciona como almacén.

Pregunta, alarmado, polo elevado número de expedientes de demolición que se ve nas actas das xuntas de goberno local.

O alcalde contesta que neste momento hai tres sentencias respecto de tres inmobles, que nada teñen que ver coa xestión do actual goberno. Cita en primeiro lugar a nave de Vilaseco, dunha empresa modelo a nivel europeo. Cita outra vivenda en solo de protección forestal no lugar da Lagoa e unha casa en solo rústico en Bamiro. Aclara que non foi este goberno quen lle dixo "ti vai facendo" en ningún destes casos, nin foi comer cocidos a algunha destas casas. Sinala que son ordes de demolición da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Recoñece que este goberno tivo que instar a demolición de dous peches por non axustarse aos recuados. Sinala que cada vez os expedientes son menos.

Ao respecto do rogos, o alcalde afirma que hai patio cuberto no CEIP, que no seu momento foi feito pola AMPA, non polo concello, que despois se utilizou como almacén, e que este goberno baleirou e adecentou. Cando se contrate a cuadrilla de albaneis rematarase. Sinala que o goberno xa está co patio cuberto, e anuncia que este mes van ter un proxecto, pois xa está consensuado coa comunidade educativa. Agarda que Intervención non lle poña problemas tras a reforma da Lei de Bases do Réxime Local aprobada polo Partido Popular, que lle quitou as competencias en educacións aos concellos. Non sabe porque non se utilizan outros espazos como patio cuberto, por exemplo o pabillón. Anuncia que está pendente dunha reunión co xefe territorial de educación.

Ao respecto das luminarias, di que non están do gusto do goberno, pero o proxecto foi comarcal e a proposta da mesa de contratación foi por unanimidade. Explica que están a melloralo, pero hai que ter en conta criterios de aforro e de eficiencia enerxética. En Vimianzo a licitación foi por procedemento aberto. Sinala que se o concello puidese redactar o proxecto libremente, seguramente non se faría así. Outro problema foi a ausencia de farolas en "sistema bolillo", que non hai nas rúas máis anchas, problema que debe corrixirse.

## 13.3. Partido Popular

O voceiro do PP sinala que non ten rogos nin preguntas.

## 13.4. Concelleiros non adscritos

O Sr. Rodríguez Blanco sinala que ten dúas preguntas. Unha delas é sobre o saneamento de Manlle. Pregunta cando se van facer as conexións.

O Sr. Soto Pérez abandona a sala de sesións.


En segundo lugar pregunta pola obra que se está facendo xunta o campo de fútbol.

O alcalde sinala, respecto da obra de saneamento de Manlle, que non pode responder outra cousa máis que o que lle contestou nas últimas sesións. Di que a obra aínda non foi recibida.

Respecto da obra do lavadoiro da Torreo, sinala que lle queda apenas unha semana de traballo e na actualidade está paralizada polo mal tempo.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e vinte e catro minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o trinta e un de xaneiro de dous mil quince.


O ALCALDE




A SECRETARIA



# ANEXO I




Nº Decreto	Nº de Expediente	Asunto	Fecha Firma
1/2015	2014/G003/001493	SOLICITUDE DE UTILIZACION XIMNASIO MUNICIPAL POR MARIA VICTORIA CASTRO CURES	02/01/2015
2/2015	2014/G003/001494	SOLICITUDE DE UTILIZACION XIMNASIO MUNICIPAL POR ROSA MARIA CURES CASTRO	02/01/2015
3/2015	2014/G003/001496	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DO MOUZO, 2C, PARROQUIA DE CARNES POR D.ª LUZ NOVOA VILARIÑO	02/01/2015
4/2015	2015/G003/000001	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA AUGA DA VIVENDA, SITUADA NA RÚA TRASARÍZ, 28-2ª, VIMIANZO POR D.ª LUZ NOVOA VILARIÑO	02/01/2015
5/2015	2015/G003/000002	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE BERDOIAS, 47, PARROQUIA DE BERDOIAS POR D.ª ELENA PÉREZ PÉREZ	02/01/2015
6/2015	2015/G003/000003	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE BERDOIAS, 47, PARROQUIA DE BERDOIAS POR D.ª ELENA PÉREZ PÉREZ	02/01/2015
7/2015	2015/G003/000004	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DE AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE TUFÍONS, 78, PARROQUIA DE CEREIXO POR D.ª MARÍA DEL CARMEN LIÑEIRO ALVELA	02/01/2015
8/2015	2015/G003/000005	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE TUFÍONS, 78, PARROQUIA DE CEREIXO POR D.ª MARÍA DEL CARMEN LIÑEIRO ALVELA.	02/01/2015
9/2015	2015/G003/000006	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DE AUGA DA VIVENDA, SITUADA NA RÚA BLANCO RAJOY, 3, VIMIANZO POR D.ª DOLORES OLVEIRA SANTOS	02/01/2015
10/2015	2015/G003/000007	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NA RÚA BLANCO RAJOY, 3, VIMIANZO POR D.ª DOLORES OLVEIRA SANTOS	02/01/2015
11/2015	2015/G003/000010	PRORROGA ORZAMENTARIA	02/01/2015
12/2015	2015/G003/000011	ALTA DE USUARIOS CON NIVEL DE PROVEDOR E CREACION DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA NO DIRECTORIO COMUN DE UNIDADES ORGANICAS E OFICINAS (DIR3)	05/01/2015
13/2015	2015/G003/000012	APROBACION DE GASTO POR COTIZACIONES DE MUFACE E COTA DE CLASES PASIVAS DO MES DE DECEMBRO/2014 DO ALCALDE DON MANUEL ANTELO PAZOS	05/01/2015
14/2015	2015/G003/000013	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, PLAN DE XESTION DE RESIDUOS E DO PROGRAMA DE TRABAJO DA OBRA "REHABILITACIÓN DE BEIRARRÚAS EN CODESEIRAS"	05/01/2015
15/2015	2014/G003/001492	SOLIC ALTA NO PMH EN CALO 13 DE MANUEL RODRIGUEZ LEMA	07/01/2015
16/2015	2014/G003/001495	SOLIC CAMBIO DOMICILIO NO PMH DE MANUEL MIRA SUAREZ E DAMIAN MIRA NIMO	07/01/2015
17/2015	2014/G003/001502	SOLIC ALTA NO PMH DESTE CONCELLO EN BLANCO RAJOY 80 3º	07/01/2015
18/2015	2015/G003/000008	SOLIC ALTA NO PMH DE SEGUNDO MANUEL LOPEZ VAZQUEZ EN CURES 9 CEREIXO	07/01/2015
19/2015	2015/G003/000009	SOLIC ALTA NO PMH ARGENTINO SANTOS DOMINGUEZ PARA RUA A TORRE, 40-3º C	07/01/2015
20/2015	2015/G003/000014	SOLIC ALTA NO PMH DE MANUEL SOTO CASTINEIRA EN CALO 40	07/01/2015
21/2015	2015/G003/000015	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000108 PROMOVIDO POR D. LUISE PEREIRO FUENTES	07/01/2015
22/2015	2015/G003/000016	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000110 PROMOVIDO POR D.ª ANA MARÍA BERTOLA FERRÍN	07/01/2015
23/2015	2015/G003/000017	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE JOSE RODRIGUEZ ESPASANDIN	07/01/2015
24/2015	2015/G003/000018	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE MARIA JOSE PEREZ TRILLO	07/01/2015
25/2015	2015/G003/000019	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE MERCEDES LEMA RODRIGUEZ	07/01/2015
26/2015	2015/G003/000020	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000111 PROMOVIDO POR D. CRISANTO MANUEL RODRIGUEZ SUAREZ	07/01/2015
27/2015	2015/G003/000021	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE RICARDO GONZALO MOREIRA VELO E ZULMA ELIDA VILLARRUEL AGUIRRE PARA A PIROGA, 21-2º ESQ	08/01/2015
28/2015	2015/G003/000022	SOLIC ALTA POR NACEMENTO NO PMH DE JAVIER BLANCO CASTRO EN CARNES, 90 C	08/01/2015
29/2015	2015/G003/000023	ORDE DE PAGAMENTO A FAVOR DE MARIA DEL PILAR MONTERO NOYA POR AXUDA CURSO ESCOLAR 2014-15 PO ERRO EN NUMERO DE CONTA NA TRANSFERENCIA	08/01/2015
30/2015	2015/G003/000024	INICIO DE PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO DII (P 2869)	09/01/2015
31/2015	2015/G003/000025	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE ANDRES TRIGO LEMA PARA RUA A TORRE, 1-1º ESQ	09/01/2015



32/2015	2015/G003/000026	SOLIC ALTA POR NACEMENTO NO PMH DE JOEL HAZIEL LOPEZ HERRERO NA PIROGA, 21-3º D	09/01/2015
33/2015	2015/G003/000027	BAIXAS DE CAMBIO DE PAIS DO FICHEIRO H15092IA.A14 E H15092IA.B14	09/01/2015
34/2015	2015/G003/000028	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO VADO NÚM. 40/06 PROMOVIDO POR D.ª DOLORES OLVEIRA SANTOS	09/01/2015
35/2015	2015/G003/000029	TAXA POR RECOLLIDA E RETIRADA DE VEHICULO DA VIA PUBLICA O 25/12/2014	09/01/2015
36/2015	2015/G003/000030	SOLIC MODIFICACION DE DATOS NO PMH REFERENTE AO NOME E APELIDOS	12/01/2015
37/2015	2015/G003/000031	Baixa na vivenda comunitaria municipal de Vimianzo da señora Celia Santos Fandiño (76351937X) por ingreso na residencia para maiores de Oleiros.	12/01/2015
38/2015	2015/G003/000032	INCOACIÓN EXPEDIENTE REPOSICIÓN LEGALIDADE URBANÍSTICA POR CONSTRUCCIÓN DE PECHE NO LUGAR DO CAMPO, PARROQUIA DE BAMIRO E ORDE DE PARALIZACIÓN DAS OBRAS	12/01/2015
39/2015	2015/G003/000033	SOLIC ALTA NO PMH DE JOSEFA COVELO MONTERO NA RUA TORRE 5 A (GERIATRICO)	12/01/2015
40/2015	2015/G003/000034	SOLIC ALTA NO PMH DE JOSE SILVA DIAZ PARA OGAS, 86-1º, CAMBEDA	12/01/2015
41/2015	2015/G003/000035	SOLIC ALTA NO PMH DE EDUARDO LORENZO LOPEZ PARA CASTRO, 20, SALTO	12/01/2015
42/2015	2015/G003/000036	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE REBOREDO, 13, PARROQUIA DE SALTO PROMOVIDO POR D.ª ESPERANZA MIÑONES GOMEZ	12/01/2015
43/2015	2015/G003/000037	AUTORIZACIÓN DE USO DE LOCAL MUNICIPAL SOLICITADO POR D. IVAN ROMERO LEMA	12/01/2015
44/2015	2015/G003/000038	AUTORIZACIÓN DE USO DE LOCAL MUNICIPAL SOLICITADO POR D. FIDEL ROGET BARRIENTOS	12/01/2015
45/2015	2015/G003/000039	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULAR DOS RECIBOS DA TAXA DA AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE FIGAREDO, 30, PARROQUIA DE CARANTOÑA PROMOVIDO POR D. MARÍA VIDAL MENDEZ	12/01/2015
46/2015	2015/G003/000040	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE FIGAREDO, 30, PARROQUIA DE CARANTOÑA PROMOVIDO POR D.ª MARÍA VIDAL MÉNDEZ	12/01/2015
47/2015	2015/G003/000041	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DE AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DA PIROGA, 14-1º, PARROQUIA DE BAMIRO PROMOVIDO POR D. JOSÉ POSE MOUZO	12/01/2015
48/2015	2015/G003/000042	SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRON DA TAXA DE CONSUMO DE AUGA DA VIVENDA, SITUADA NA RÚA TEDIN, 23-1º D, VIMIANZO PROMOVIDO POR D. FRANCISCO MANUEL OREIRO MIÑONES	13/01/2015
49/2015	2015/G003/000043	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DE AUGA DO LOCAL, SITUADO NA RÚA VILAR, 22-BAIXO, DEREITA, VIMIANZO PROMOVIDO POR D.ª MARIA ISABEL PEREZ TRILLO	13/01/2015
50/2015	2015/G003/000044	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DO LOCAL, SITUADO NA RÚA VILAR, 22-BAIXO A, VIMIANZO PROMOVIDO POR D.ª MARIA ISABEL PÉREZ TRILLO	13/01/2015
51/2015	2015/G003/000045	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE VIMIANZO PARA XOGAR A FUTBOL-SALA PROMOVIDO POR D. JOSÉ LUÍS RODRÍGUEZ MIRA	13/01/2015
52/2015	2015/G003/000046	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DO PAVILLÓN DE VIMIANZO PARA XOGAR O FÚTBOL-SALA PROMOVIDO POR D. JUAN JOSÉ PEREIRA MÉNDEZ	13/01/2015
53/2015	2015/G003/000047	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DO PAVILLÓN DE VIMIANZO PARA XOGAR O TENIS PROMOVIDO POR D. MANUEL QUINTÁNS CAMPOS	13/01/2015
54/2015	2015/G003/000048	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DO PAVILLÓN DE VIMIANZO PARA XOGAR O BALONCESTO PROMOVIDO POR D. CARLOS OSCAR GÓMEZ FERNÁNDEZ	13/01/2015
55/2015	2015/G003/000049	SOLIC ALTA NO PMH DE MARIA DOLORES CANOSA LEMA EN A ESQUIPA, 23-CEREIXO	13/01/2015
56/2015	2015/G003/000050	APROBACION DA LISTAXE DE USUARIOS POR UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Á TAXA POR PRESTACION DE SERVIZOS E UTILIZACION DE INSTALACIONES CULTURAIS, EDUCATIVAS, DEPORTIVAS E ANALOGOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO MES DE XANEIRO DO ANO 2015	14/01/2015
57/2015	2015/G003/000051	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE SEÑORANS, 7, PARROQUIA DE SALTO PROMOVIDO POR D. ANTONIO TOME RIVEIRO	14/01/2015
58/2015	2015/G003/000052	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000023 PROMOVIDO POR D. MANUEL VALIÑA PÉREZ	14/01/2015






59/2015	2015/G003/000053	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000038 PROMOVIDO POR D.ª MARIA DEL CARMEN CASTIÑEIRA REGUEIRA	14/01/2015
60/2015	2015/G003/000055	APROBACION DOS PADRONS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DECEMBRO 2014	15/01/2015
61/2015	2015/G003/000054	EXPEDIENTE DE LICENZA NÚM. 2014/U008/000039 PROMOVIDO POR SALGADO FRUTAS, S.L.	15/01/2015
62/2015	2015/G003/000056	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO VADO NÚM. 20/04 PROMOVIDO POR D. TEODORO CANOSA LEMA	15/01/2015
63/2015	2015/G003/000057	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DA AUGA DA VIVENDA, SITUADA NA RÚA TRASARIZ, 27- VIMIANZO PROMOVIDO POR MANUELA MERCEDES GONZÁLEZ SENRA.	15/01/2015
64/2015	2015/G003/000058	SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO ENTROIDO EN BAIÑAS, PRESENTADA POR D. FRANCISCO JAVIER GARCÍA POUSO	15/01/2015
65/2015	2015/G003/000059	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DE LOCAL MUNICIPAL SOLICITADO POLA ASOCIACIÓN CULTURAL E CABALAR MONTE FARO	15/01/2015
66/2015	2015/G003/000060	SOLIC CAMBIO DE ENDEREZO NO PMH DE CARLOS ALBERTO HERRERO LOPEZ, CARLENYS MARIEL HERRERO DE SOUSA, JAVIER ANDRES LOPEZ HERREROS, JOEL HAZIEL LOPEZ HERRERO	15/01/2015
67/2015	2015/G003/000061	Proposta de adxudicación da obra nomeada "Reparación de vías rurais municipais nas parroquias de Berdoias, Cereixo e Carnés".	15/01/2015
68/2015	2015/G003/000062	Proposta de adxudicación da obra nomeada "Reparación de vías rurais municipais nas parroquias de Tines, Treos e Serramo".	15/01/2015
69/2015	2015/G003/000063	XERACION DE CREDITOS NUM. 2015/XC/01	15/01/2015
70/2015	2015/G003/000064	SOLIC CAMBIO NO PMH ENDEZO DE LEONARDO CALVO ALVES E ALTA DE LUCIANA ALVES SANTANA PARA ALVARO CUNQUEIRO 1, 2º	15/01/2015
71/2015	2015/G003/000065	TRANSFERENCIA DE CREDITO EXPEDIENTE 2015/TC/01	15/01/2015
72/2015	2015/G003/000066	SOLIC CAMBIO NO PMH ENDEZO DE LEONARDO CALVO ALVES E ALTA DE LUCIANA ALVES SANTANA PARA ALVARO CUNQUEIRO 1, 2º	15/01/2015
73/2015	2015/G003/000067	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS PARA O ANO 2015. ORDE DO 23 DE DECEMBRO DE 2014 (DOG Nº 6 DO 12 DE XANEIRO DE 2015).	16/01/2015
74/2015	2015/G003/000078	RECTIFICACION DE ERROS DA RESOLUCIÓN DE ALCALDIA Nº 69/2015 DE DATA 15 DE XANEIRO DE 2015	16/01/2015
75/2015	2015/G003/000079	PAGO DAS RETENCIONS E INGRESOS A CONTA DO IRPF PERIODO 4º TRIMESTRE 2014	19/01/2015
76/2015	2015/G003/000080	INFORME SOBRE INEXISTENCIA DE REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS	19/01/2015
77/2015	2015/G003/000081	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL POR HECTOR ANTONIO ANDRADE	19/01/2015
78/2015	2015/G003/000082	SOLICITUDE DE ALTA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE PAULA MOUZO MACEIRAS	19/01/2015
79/2015	2015/G003/000083	SOLICITUDE DE ALTA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE IRIA RODRIGUEZ ROMAR	19/01/2015
80/2015	2015/G003/000084	RENOVACIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON PROBLEMAS DE MOBILIDADE DO SEÑOR LEONARDO SENANDE GARCÍA CON DNI 32311676B	19/01/2015
81/2015	2015/G003/000085	SOLICITUDE DE ALTA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE MOISES MARTINEZ PASANTES	19/01/2015
82/2015	2015/G003/000086	SOLICITUDE DE ALTA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE VICTOR TORRADO AMEJENDA	19/01/2015
83/2015	2015/G003/000087	SOLICITUDE DE ALTA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE SONIA PASANTES ESPASANDIN	19/01/2015
84/2015	2015/G003/000088	SOLICITUDE DE ENGANCHE DE AUGA PARA O LOCAL SITUADO NO LUGAR DA PIROGA, 9, BAIXO, PARROQUIA DE BAMIRO	20/01/2015
85/2015	2015/G003/000090	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DO AUDITORIO DA CASA DA CULTURA DE VIMIANZO PARA LEVAR A CABO O FESTIVAL DE ENTROIDO, PRESENTADA POLA DIRECTORA DO C.E.I.P. SAN VICENZO	20/01/2015
86/2015	2015/G003/000091	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE BAIÑAS PARA ENSAIO DUNHA COMPARSA DE ENTROIDO, PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL RODRIGUEZ BLANCO	20/01/2015
87/2015	2015/G003/000092	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DE AUGA DA VIVENDA, SITUADA NA RÚA TRASARIZ, 4, VIMIANZO PROMOVIDO POR D.ª LUZ NOVOA VILARIÑO	20/01/2015
88/2015	2015/G003/000093	ORDENACION DE PAGO POR DEVOLUCION GARANTIA EN METALICO	20/01/2015
89/2015	2015/G003/000094	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DA AUGA DA VIVENDA, SITUADA NA RÚA TRAS DO MUIÑO C, 8-1ºC, VIMIANZO PROMOVIDO POR CONSTRUCCIONES HNOS. PEREIRA TAJES, SL.	20/01/2015
90/2015	2015/G003/000089	BAIXA DE SAF MUNICIPAL DE MATILDE RAMOS SUAREZ	20/01/2015



91/2015	2015/G003/000095	BAIXA DO SAF MUNICIPAL DE FRANCISCO CARMELO AMEJEIRAS POSE	20/01/2015
92/2015	2015/G003/000096	BAIXA DO SAF MUNICIPAL DE AIDA GARCIA RIEIRO	20/01/2015
93/2015	2015/G003/000098	BAIXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL DE CARMEN ALVARELLOS NOVOA	20/01/2015
94/2015	2015/G003/000099	XERACION DE CREDITOS NUM. 2015/XC/02	20/01/2015
95/2015	2015/G003/000100	TRANSFERENCIA DE CREDITO EXPEDIENTE 2015/TC/02	20/01/2015
96/2015	2015/G003/000097	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "OBRAS DE MANTEMENTO E MELLORA DE ESTRADAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NAS PARROQUIAS DE VIMIANZO, TREOS, CASTRELO E CEREIXO".	20/01/2015
97/2015	2015/G003/000101	SOLIC ENGANCHE DE SUMIDOIRO PARA UNHA VIVENDA EN TORELO, 25, SALTO	20/01/2015
98/2015	2015/G003/000102	DEVOLUCION DE TAXAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS	21/01/2015
99/2015	2015/G003/000103	DEVOLUCION DE TAXAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS	21/01/2015
100/2015	2015/G003/000104	DEVOLUCION DE TAXAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS	21/01/2015
101/2015	2015/G003/000105	DEVOLUCION DE TAXAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS	21/01/2015
102/2015	2015/G003/000106	DEVOLUCION DE TAXAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIAS	21/01/2015
103/2015	2015/G003/000107	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO VADO NÚM. 56/10, NA ENTRADA DO GARAXE, SITUADO NA RÚA CANDIL, 14, VIMIANZO, PROMOVIDO POR D. LUIS GARROTE GARCIA	21/01/2015
104/2015	2015/G003/000108	BAIXAS DE CAMBIO DE MUNICIPIO DO FICHEIRO H15092IA.115	21/01/2015
105/2015	2015/G003/000110	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE MARIA ESTHER PEREZ MENDEZ	21/01/2015
106/2015	2015/G003/000109	EXPEDIENTE LICENZA 1ª OCUPACIÓN PROMOVIDA POR D.ª LUCIA MAIRA NUÑEZ	21/01/2015
107/2015	2015/G003/000111	SOLIC ALTA NO PMH DE DOMICIANO ALCALDE GUTIERREZ NA RUA TORRE, 5-A (GERIATRICO)	21/01/2015
108/2015	2015/G003/000112	BAIXAS DE OFICIO NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES	21/01/2015
109/2015	2015/G003/000113	SOLIC ALTA NO PMH DE MARIA DOLORES CANCELA VILA EN LAVANDEIRA, 19-CASTRELO	23/01/2015
110/2015	2015/G003/000114	BAIXA DO SAF MUNICIPAL DE MERCEDES LODEIRO SEBE	23/01/2015
111/2015	2015/G003/000115	RECTIFICACION DE ERROS DA RESOLUCION DE ALCALDIA Nº 69/2015 DE DATA 15 DE XANEIRO DE 2015	23/01/2015
112/2015	2015/G003/000116	INICIO DE PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO. DII(P2892)	23/01/2015
113/2015	2015/G003/000117	TRANSFERENCIA DE CREDITO EXPEDIENTE 2015/TC/03	23/01/2015
114/2015	2015/G003/000118	AUTOLIQUIDACION DO CANON DA AUGA PERIODO TERCEIRO CUADRIMESTRE DO ANO 2014 A FAVOR DE AUGAS DE GALICIA	26/01/2015
115/2015	2015/G003/000119	SOLICITUDE DE ALTA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE VIMIANZO DE NOELIA BLANCO PEREZ	26/01/2015
116/2015	2015/G003/000120	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO MUNICIPAL DE XOAN CARLOS PEREZ GESTIDO	26/01/2015
117/2015	2015/G003/000121	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "PECHE DE PARCELA E ÁREA DE LECER NO EXTERIOR DA ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE PADREIRO".	26/01/2015
118/2015	2015/G003/000122	MODIFICACIONES EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 131 DO FICHEIRO H15092IA.115	26/01/2015
119/2015	2015/G003/000123	MODIFICACIONES EN INSCRICIONS DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 140 DO FICHEIRO H15092IA.115	26/01/2015
120/2015	2015/G003/000124	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "DOTACIÓN DE PARQUE INFANTIL (MOUZO)".	26/01/2015
121/2015	2015/G003/000125	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000002 PROMOVIDO POR D.ª MARGARITA ANA VILARIÑO CIBRÁN	26/01/2015
122/2015	2015/G003/000126	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA NÚM. 392 E NÚM. 393 DO POLÍGONO 30, PROMOVIDA POR D.ª AURELIA OLVEIRA LEIS	26/01/2015
123/2015	2015/G003/000127	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA NÚM. 402 DO POLÍGONO 62, PROMOVIDA POR D.ª RITA TOURIÑÁN SOUTO	26/01/2015
124/2015	2015/G003/000128	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NON PMH DE NANCY CRUZ, ANA MARIA E ISABELLA SARRIA CRUZ PARA CARANTOÑA, 21	26/01/2015
125/2015	2015/G003/000129	PRESENTACION DO MODELO 303 DA AUTOLIQUIDACION POR IVE DO 4º TRIMESTRE 2014 E MODELO 390 RESUMO ANUAL IVE 2014	26/01/2015
126/2015	2015/G003/000068	ARQUIVAR O EXPEDIENTE NÚM. 2012/008/000012 PROMOVIDO POR INSMONTEL CUTRIN, S.L.	27/01/2015
127/2015	2015/G003/000069	ARQUIVAR O EXPEDIENTE NÚM. 2012/U008/000020 PROMOVIDO POR D.ª MERCEDES RODRÍGUEZ LEIS	27/01/2015
128/2015	2015/G003/000070	ARQUIVAR O EXPEDIENTE NÚM. 2012/U009/000099 PROMOVIDO POR D.ª MARÍA DEL ROCIO SOTO CANOSA	27/01/2015
129/2015	2015/G003/000071	ARQUIVAR O EXPEDIENTE NÚM. 2013/U009/000054 PROMOVIDO POR D.ª ADELINA ORDÓÑEZ GRAÍÑO	27/01/2015
130/2015	2015/G003/000072	ARQUIVAR O EXPEDIENTE NÚM. 2013/U009/000066 PROMOVIDO POR D. ANDRÉS SOTO SENDÓN	27/01/2015
131/2015	2015/G003/000073	ARQUIVAR O EXPEDIENTE NÚM. 2013/U009/000087 PROMOVIDO POR R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.	27/01/2015



132/2015	2015/G003/000074	ARQUIVAR O EXPEDIENTE NÚM. 2013/U009/000097 PROMOVIDO POR D. <sup>a</sup> MAGDALENA FIDALGO RODRÍGUEZ	27/01/2015
133/2015	2015/G003/000075	ARQUIVAR O EXPEDIENTE NÚM. 2013/U009/000102 PROMOVIDO POR D. MAXIMINO FIDEL SUÁREZ ESPASANDÍN	27/01/2015
134/2015	2015/G003/000076	ARQUIVAR O EXPEDIENTE NÚM. 2013/U009/000104 PROMOVIDO POR D. ENRIQUE BUGALLO COO	27/01/2015
135/2015	2015/G003/000077	ARQUIVAR O EXPEDIENTE NÚM. 2013/U008/000013 PROMOVIDO POR D. JOSÉ BARROS INSUA	27/01/2015
136/2015	2015/G003/000130	NOMINA DO MES DE XANEIRO 2015	27/01/2015
137/2015	2015/G003/000131	BAIXAS DE CAMBIO DE PAIS DO FICHEIRO H15092IA.115	27/01/2015
138/2015	2015/G003/000133	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO NO EXERCICIO 2015 (DOG Nº 250 DO 31 DE DECEMBRO DE 2014).	27/01/2015
139/2015	2015/G003/000132	CAMBIO DE XORNADA NA EIM DE ADRIAN GONZALEZ MARONO	27/01/2015
140/2015	2015/G003/000134	CAMBIO DE XORNADA NA EIM DE LAURA OZÓN MOLEDO	27/01/2015
141/2015	2015/G003/000135	SOLIC ALTA NO PMH DE FERNANDO IGLESIAS MOUZO, MARGARITA CAAMAÑO ARCOS E RICARDO IGLESIAS CAAMAÑO EN BERDOIAS, 20	27/01/2015
142/2015	2015/G003/000136	ALTA NO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL	27/01/2015
143/2015	2015/G003/000137	SOLIC ALTA NO PMH LEILA MARIELA PASTUR VIDAL, FEDERICO ARTURO DE GREGORI, JULIA E ISABELLA DE GREGORI PASTUR, PARA PASARELA, 86, PARROQUIA DE CALO.	27/01/2015
144/2015	2015/G003/000138	ALTA NO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL	27/01/2015
145/2015	2015/G003/000139	ALTA NO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL	27/01/2015